

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a *II Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que se desenvolverán diversas actividades (conferencias, accións de voluntariado e xornadas de campo).

Esta segunda edición ten como fin amosar unha serie de iniciativas nas que a cidadanía se implica directamente na conservación do patrimonio natural e etnográfico da súa comarca, mediante actuacións de apadriñamento e de custodia do territorio. O obxectivo é fomentar no territorio da nosa reserva da biosfera o voluntariado ambiental a través de exemplos concretos, de xeito que os seus cidadáns tamén se animen a comprometerse e sintan a satisfacción de participar en accións directas e eficaces para mellorar o noso medio ambiente.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidades interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Xestiona actualmente o Programa LEADER 2007-2013 e ven de acadar a declaración de reserva da biosfera para a comarca.

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio non gobernamental e non lucrativa. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese ambiental para a protección a perpetuidade dos hábitats naturais. Deste xeito, coida da paisaxe e dos bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

XORNADA SÁBADO 28-9-2013

Custodia do territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza

Salón azul do Liceo de Betanzos

Presentación 9:30

Ramón García, alcalde de Betanzos
José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos
Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

Na procura dun val cheo de vida 10:00

Rafael Beceiro, coordinador do Proxecto Esmelle
A Asociación Val de Esmelle amosa o que pode facer unha organización veciñal que crea comunidade e traballa colectivamente na recuperación do patrimonio natural e cultural desta comarca ferrolá.

Poñendo un río no mapa 10:45

Gonzalo Sancho Blanco, presidente da Asociación Vaipolorío
A Asociación Vaipolorío puxo no mapa o río dos Gafos. A súa labor de defensa, recuperación e inventariado dos seus valores patrimoniais é un exemplo de como un río pontevedrés esquecido revive para lecer dos veciños.

Pausa 11:30

De praias degradadas a dunas protexidas 12:00

Diego R. Vieites, secretario da Asociación Fontaiña
Os vinte anos de traballo da Asociación Fontaiña no litoral vigués teñen como resultado a restauración e protección da vexetación e das dunas nunhas praias atafegadas de turistas no verán.

Cando a acción dun grupo local marca a diferenza 12:45

Encarna González, coordinadora de SEO/Pontevedra
A pillara papuda do Salnés ten quen a defende. SEO/Pontevedra é un exemplo de como a acción dun grupo local pode significar un futuro na súa comarca para unha especie ameazada.

Camiños con historia no bosque autóctono 17:00

Antonio Álvarez, presidente da Asociación Castiñeiro e Nogueira
A Asociación Castiñeiro e Nogueira rehabilita antigos camiños dos Ancares lucenses mediante voluntariado internacional, revitalizando a comarca con visitantes procedentes dos catro puntos cardinais.

Tres anos custodiando nas Mariñas 17:45

Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo
Hai tres anos que naceu Fragas do Mandeo para custodiar os hábitats naturais da nosa bisbarra. Chega o momento de facer balance dos resultados acadados e coller novos pulos.

XORNADA DE VOLUNTARIADO DOMINGO 22-9-2013

Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda

Participando nesta acción poderás axudar a eliminar os plumachos e o lixo nesta praia de Ponte do Porco que forma parte do espazo natural protexido Betanzos-Mandeo. Ponte en contacto con nós.

CONFERENCIA XOVES 26-9-2013

¿Para que serven as aves?

Salón azul do Liceo de Betanzos, ás 20:30 horas
Conferencia do ornitólogo e divulgador Antonio Sandoval na que debullará de xeito ameno os aspectos máis salientables da ornitología galega e do impresionante fenómeno da migración das aves a través do noso país.

EXPOSICIÓN DO 26-9-2013 ó 10-10-2013

Unha ollada natural

Planta alta do Liceo de Betanzos. L-V de 19:00 a 21:00 horas; S-D de 12:00 a 14:00 horas
O traballo do ilustrador Calros Silvar é sobradamente coñecido grazas a súa publicación en numerosos libros e guías da natureza galega. Nesta exposición temos a ocasión de ver orixinais destas obras así como outras creacións menos difundidas deste artista.

XORNADA DE VOLUNTARIADO DOMINGO 29-9-2013

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Imos participar nesta sétima edición coa limpeza do río Mendo dende a ponte das Moas até Roibeira (Betanzos). Unha magnífica forma de coñecer este río, comprometéndonos na súa conservación e gozando da paisaxe desta ruta de 10 km. Ponte en contacto con nós.

XORNADA DE VOLUNTARIADO SÁBADO 5-10-2013

Des-eucaliptización nas fragas do río Mandeo

O eucalipto ten un forte impacto ecolóxico e paisaxístico. Se debes pola súa ausencia nos espazos naturais, súmate á súa eliminación nas fincas mercadas por Fragas do Mandeo para recuperar o bosque autóctono e mellorar as condicións ambientais das marxes do río Mandeo. Ponte en contacto con nós.

EXCURSIÓN DOMINGO 6-10-2013

Visita á lagoa de Sobrado

Aínda que este humidal ten un gran valor ecolóxico, non forma parte da rede de espazos naturais protexidos de Galicia. Guiados por especialistas, visitaremos as fincas e o observatorio que custodia Fragas do Mandeo na súa contorna, observaremos as aves e nos achegaremos ó mosteiro que construíu esta lagoa. Saída ás 9:00 horas dende o ambulatorio de Betanzos, con chegada aproximada ás 18:00 horas. Leva calzado axeitado para camiñar, comida e bebida; non esquezas os teus prismáticos. Reserva a túa praza no autobús.

INDIQUE A ACTIVIDADE NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE

- Día 22. Voluntariado na praia da Alameda
- Día 28. Xornada *Custodia do territorio e apadriñamento*
- Día 29. Voluntariado no río Mendo
- Día 5. Des-eucaliptización nas fragas do río Mandeo
- Día 6. Visita á lagoa de Sobrado

Apelidos e nome:

.....

DNI:

Enderezo:

.....

Código postal:

Localidade:

Teléfono fixo e móbil:

Profesión:

Institución ou entidade:

.....

Correo electrónico:

Prazas limitadas. Reserva praza enviando o boletín de inscrición a:

info@marinasbetanzos.org

Tel.: 981 669 541

Non esquezas cancelar a túa reserva no caso de non poder ir á excursión ou participar nas accións de voluntariado: así deixas a praza libre para outro interesado e nos aforras gastos nos seguros.

Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación a través da que propietarios e usuarios do territorio se implican na conservación e no uso dos valores e recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada en maio de 2013, ten como obxectivo compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos do territorio co desenvolvemento sostible.



PROXECTO FINANCIADO CON FONDOS FEADER DO PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
MEDIDA 431-B ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS



**ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS**

**San Marcos s/n; 15318 Abegondo
Tel.: 981 669 541 Fax: 981 673 574
info@marinasbetanzos.org
www.marinasbetanzos.org**

FRAGAS DO MANDEO

**Lg. Vilar de Costoia nº 123; 15380 Oza-Cesuras
Tel.: 981 105 903
correo@fragasdomandeo.org
www.fragasdomandeo.org**

II SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO
NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Custodia do territorio e apadriñamento:

A implicación cidadá na conservación da natureza

Do 22 de setembro ó 6 de outubro

